

MATERIA
Economía Política I. Empresa e Mercados

unidade
didáctica
2

TITULACIÓN
Grao en Dereito

Ciencias Sociais e Xurídicas

Introdución á historia do pensamento económico

Francisco Jesús Ferreiro Seoane
Adrián Ríos Blanco
Ana Cid Bouzo

Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Dereito

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679826>

MATERIA: Economía Política I. Empresa e Mercados

TITULACIÓN: Grao en Dereito

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. A Economía Política

- Concepto de Economía
- Caracterización da Ciencia Económica
- O método na Economía

Unidade II. Introdución á historia do pensamento económico

- Os preclásicos. Mercantilistas e fisiócratas
- Os clásicos. Marxinalistas e neoclásicos
- O marxismo
- Históricos e institucionalistas
- Escola austríaca
- O keynesianismo
- Panorama actual da Ciencia Económica

Unidade III. A demanda, a oferta e o mercado

- As funcións de demanda e oferta e os seus determinantes
- O equilibrio do mercado. Excedentes do consumidor e do produtor
- Elasticidades da demanda
- A elasticidade-prezo da oferta

Unidade IV. A empresa como oferente tipo

- A empresa. Concepto e tipos
- O papel da empresa na economía
- A estratexia da empresa

Unidade V. Contabilidade da empresa

- Definición, obxectivos, documentos e principios da contabilidade
- Balance de situación e cadro de contas
- A Conta de Perdas e Ganancias (PeG). As Contas de Xestión
- A técnica do rexistro contable
- Contas anuais
- Análise económica e financeira

Unidade VI. Teoría da produción e dos custos da empresa

- A función de produción
- Produtividades a curto e longo prazo
- Do custo contable ao custo económico
- Funcións de custos a curto e a longo prazo

Unidade VII. Teoría da distribución

- A demanda, a oferta e o prezo dos factores de produción
- O mercado laboral e a determinación dos salarios
- A renda da terra
- O capital e o beneficio empresarial

Unidade VIII. Prezos e mercados

- Concepto e clases de mercado
- O mercado de libre competencia
- O monopolio
- O oligopolio e a competencia monopolista

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

CONTIDOS

1. Os preclásicos. Mercantilistas e fisiócratas
2. Os clásicos. Marxinalistas e neoclásicos
3. O marxismo
4. Históricos e institucionalistas
5. Escola austríaca
6. O keynesianismo
7. Panorama actual da Ciencia Económica

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

Neste apartado vaise expoñer unha síntese da historia do pensamento económico e dos principais autores das distintas correntes. A estrutura deste capítulo ten unha tipoloxía temporal. Comézase polos preclásicos e as correntes do momento, avánzase cara aos clásicos da economía para logo chegar ao marxismo, ao historicismo e institucionalismo, o keynesianismo e os autores e correntes actuais. Esta esquematización pretende mostrar como as achegas das correntes de pensamento precedentes influíron nas posteriores.

Cómpre dicir que as ideas e teorías destes autores están influenciadas por diversos factores contextuais, o clima político da época, a orde social, etc. De igual modo, cómpre sinalar que esta cronoloxía non é inmutable pois, como sinala Roll (1994), existe unha «falta dunha secuencia cronolóxica clara na evolución da doutrina económica (...) cando se comparan distintos países». Co obxectivo de sintetizar e esquematizar o devandito contido, de cada corrente seleccionáronse os autores máis representativos.

OBXECTIVOS

O obxectivo xeral desta unidade didáctica é dar a coñecer aos estudantes os distintos enfoques económicos que se desenrolaron ao longo da historia xunto cos seus contextos co fin de aportar un coñecemento útil no que poder referenciarse.

Como obxectivos específicos desta unidade diferenciamos:

- Diferenciar os distintos enfoques económicos da historia do pensamento económico e as súas teorías máis representativas.
- Entender os conceptos e principios que guiaron a historia económica.
- Coñecer e entender mellor os procesos económicos que nos rodean e nos rodearon.
- Mostrar aos estudantes as achegas máis características dos autores máis representativos e relevantes de cada corrente.
- Ensinar a identificar a procedencia e a causa das teorías interconectadas cos seus contextos.
- Comprender unha serie de conceptos básicos da historia do pensamento económico.
- Aportar uns coñecementos que permitan aos estudantes a proxectar no seu futuro.
- Contribuír na obtención e consolidación da cultura xeral dos lectores deste capítulo.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Para unha mellor aprendizaxe do tema por parte do alumno aplicaranse, neste caso, dous principios metodolóxicos:

- Principio da actividade. Neste caso, a educación apóiase na actividade persoal do alumno, pois sen actividades persoais non hai aprendizaxe. O docente canalizará as inquietudes dos alumnos en relación cos obxectivos do programa. Para que a ensinanza sexa activa debe iniciarse dende a programación de actividades, presentando ao alumno actividades problemáticas de solución alcanzable ao seu nivel. Deste xeito, facilitarase tanto a avaliación como a autoavaliación da aprendizaxe. Algunhas técnicas que se empregarán serán as discusións e debates.
- O principio de «estar ao día». As novas tecnoloxías aumentan a necesidade de formación e preparación tanto de docentes como de alumnos. É imprescindible formular procesos metodolóxicos nos que a investigación e a busca de datos estean vinculados ás novas tecnoloxías. «Aprender a aprender» é un dos principios ideolóxicos que máis forza achegaron aos cambios metodolóxicos, xa que incitan aos alumnos a procurar a autoaprendizaxe.

CONTIDOS

1. Os preclásicos. Mercantilistas e fisiócratas

Entre finais do século XV e o século XVIII desenvólvense tres correntes fundamentais en economía: o mercantilismo, o liberalismo e a corrente fisiócrata. Ante o xurdimiento destas correntes é esencial coñecer o contexto e a situación que se estaba vivindo a nivel global. Tratábase dunha época de expansión comercial e de xurdimiento de novas potencias coloniais (Inglaterra, Francia, España, Portugal, etc.) precedente do descubrimento de América, que foi o camiño cara á consolidación de América polas novas potencias coloniais que estaban a xurdir. Así mesmo, estas potencias buscaron expandirse cara a oriente coa creación de diferentes compañías, a maioría dotadas dunha serie de prerrogativas de tipo político e administrativo que «estaban encargadas non só de monopolizar o comercio e a navegación deses países nas súas colonias, senón que tamén de controlar o tráfico de escravos» (Rojas, 2007, p. 78). Rojas (2007) continúa apuntando que o século XVII marcou o auxe das políticas e ideas mercantilistas en Europa, que a continuación imos desenvolver.

O mercantilismo ten un especial auxe en **Europa Central** durante os séculos XVI, XVII e XVIII. Esta corrente poñía especial énfase na intervención do Estado como actor participativo (Longhi, 2014). Rojas sinala ademais que o pragmatismo da corrente «contrasta coa relixiosidade e interese por cuestións éticas e de xustiza dos autores escolásticos do medievo precedente desta corrente» (Rojas, 2007, p. 76).

Cómpre dicir que o mercantilismo non foi unha corrente estática, pois os seus primeiros autores defendían posicións moi diferentes nalgúns aspectos do que se posicionaban os seguintes autores máis representativos. Eric Roll (1994) sinala que

nos primeiros anos do mercantilismo o **desexo de atesourar diñeiro era un dos trazos do rudimentario mercantilismo**, con todo, ao longo dos anos pasouse a considerar que a mellor opción neste caso non era o atesouramento de diñeiro, senón de exportacións de metais, pois estes autores vían ás colonias como fonte de metais e materia prima. É por iso polo que aos autores desta segunda escola da corrente chámanselle metalistas, doutra banda vían a exportación en caso de superávit como unha ferramenta para monetizar as colonias europeas e aliviar a súa escaseza de diñeiro. O mesmo autor sinala que Keynes advertiu na **Teoría Xeral** que un superávit, acompañado dun aumento de demanda de metais preciosos, traía consigo unha redución das taxas de interese, de maneira que aumentaría aínda máis o nivel de demanda. O único perigo sería o efecto inflacionario do aumento de cantidade de diñeiro.

A pesar destas conxecturas, o mercantilismo como doutrina apostaba en xeral polo aumento do poder do Estado como competidor contra outros estados, igrexa e señores feudais (Rojas, 2007). Outro aspecto importante da corrente, que ten en común cos fisiócratas, é que se designa como unha corrente laica afastada da moral relixiosa. Un dos seus primeiros posicionamentos foi situarse a favor do aumento de poboación, vendo nesta medida unha oportunidade para que o Estado conseguise exércitos máis grandes, aínda que o mesmo autor sinala que isto veríase como un resultado beneficioso en canto a maior man de obra para as novas industrias. Así mesmo, un segundo posicionamento en relación co comentado no parágrafo anterior é que unha acumulación de riqueza nun país, mediante diñeiro e metais, permitía aos estados participar en guerras e daban maiores probabilidades de gañalas. O interese concreto máis importante dos autores mercantilistas parece ser que os recursos da nación se empreguen de tal maneira que aumenten o poder do Estado na medida que sexa posible, tanto política como economicamente (Ekelund & Hébert, 2005).

Polo que se acaba de sinalar, o comercio internacional no mercantilismo considerábase como un xogo de suma cero onde necesariamente tiña que haber gañadores e perdedores. Estas tendencias provocaron consecuencias políticas que, en liña con Ávila y Lugo (2004), pódense sintetizar como: en primeiro lugar, fomentaron o nacionalismo ante a perspectiva da autosuficiencia. Impulsaron o papel do Estado, encargado de propoñer a regulación e promoción necesaria, é dicir, «fomentar a produción exportable, reducir as importacións, prohibir a saída e estimular o ingreso dos metais preciosos» (Ávila y Lugo, 2004).

Os principais autores desta corrente foron Jean Bodin (co tratado da moeda), Gerald Malynes (autor principal da corrente metalista), Luwding Von Siegen e Tomás Mun. Aínda que Locke, posteriormente, tamén realiza algunhas achegas sobre esta corrente.

A decadencia desta corrente foi percibida a principios do século XVIII a través de múltiples erros aplicados dende a corrente na acción política. En resposta a estes fallos, xorden dúas novas correntes máis liberais, que proveñen dun liberalismo que pode ser consecuencia dunha reacción contra os ideais da Idade Media. Nesta síntese xorden dúas liñas: a que trata da liberdade e do progreso, e a liña do **liberalismo económico** cuxo eixo central é a non intervención do Estado na vida económica, ou

como o denominaron autores franceses *laissez faire*. Unha das correntes ás que nos referimos é a corrente fisiócrata.

No século XVIII xurdiu un grupo de escritores franceses que reclamaban o nome de «economistas», formando a primeira «escola de pensamento» real na economía. Máis tarde, serían rebautizados como «**fisiócratas**»¹, pois a palabra «economista» adquiriu un significado máis xenérico. Neste caso, segundo Ekelund & Hébert (2005), a nova denominación é apropiada pois os autores en cuestión crían na lei natural e na primacía da agricultura. A fisiocracia apelaba a principios racionais ao afirmar que todos os feitos sociais están unidos polos lazos de leis inevitables, ás que deben obedecer os individuos e os gobernos, unha vez que as comprenden. Dupont de Nemours é o autor que designa por primeira vez o nome de fisiocracia a esta corrente aínda que, como sinala Ávila y Lugo (2004), o seu principal representante foi François Quesnay, cuxa achega relevante foi a súa obra ***A táboa económica***, na que describe a súa interpretación da distribución e circulación de riqueza. Este autor, xunto cun dos seus predecesores, marcaron a liña desta corrente: en primeiro lugar, a base da riqueza atopábase na agricultura e as súas medidas viraban entornando ao fomento deste sector; doutra banda, os excedentes eran o cheque co que adquirir o traballo da clase produtora. Por tanto, como expón o autor que vimos seguindo, para estes dous fisiócratas a agricultura produce salarios e o seu excedente capital, o que leva á riqueza das persoas.


Así mesmo, todos coincidían na liña de que a economía **estaba guiada por unha orde natural**, onde o Estado interviña só para modificar negativamente as cousas. É por este motivo que consideraban que a base da riqueza estaba na produción e non no comercio, posicionándose en contra da corrente mercantilista.

Doutra banda, Quesnay instaurou unha nova **tipoloxía de clases sociais** para explicar a base do que consideraba a circulación da riqueza. Así mesmo, para chegar ás súas conclusións botou man, aínda que dunha forma primitiva, do método científico e matemático converténdose no precursor da escola matemática. Segundo José Ávila y Lugo (2004), distingue as clases sociais deste xeito:

- Clase produtora, constituída por agricultores e única fonte de riqueza da cal as demais clases retroaliméntanse.
- Clase propietaria, constituída por aqueles que posúen a propiedade do chan e polos que así mesmo exercen soberanía sobre o terreo mediante un título nobiliario.
- Clase estéril, constituída pola industria, os comerciantes, profesionais e demais sociedade.

¹ O termo «fisiocracia» significa «gobierno da natureza».

Figura 1. Esquema da tipoloxía de clases sociais de Quesnay



Fonte: Sanz Serrano (2006)

Esta clasificación provén dun modelo creado por Quesnay (1964), que trata de representar nela un modelo económico de principio a fin onde se conflúen unha infinidade de relacións entre os tres grupos de clases que mencionamos. A súa argumentación foi que todas as demais clases fundaméntanse na primeira (Sanz Serrano, 2006). Esta aportación foi terminante na historia da economía e asentou as bases de moitas das políticas da época.

2. Os clásicos. Marxinalistas e neoclásicos

O autor probablemente máis coñecido como o pai da Economía Política, ademais do maior representante dos clásicos, é **Adam Smith**. A súa obra *An inquiry into the nature and causes of the Wealth of Nations* (1776) trátase dun dos traballos máis influíntes na historia da Economía. Por primeira vez, expoñíase a Economía como **ciencia**. Isto conségueno mediante un relato orgánico e sistemático dos feitos económicos e das leis que observaba. No comezo da súa obra magna, resalta que calquera nación persegue obter como principal finalidade unha produción ou riqueza. Polo tanto, a Economía debe estudar as causas da riqueza, e a súa acumulación. O pro-

ceso polo que se transforman uns factores de produción é obxecto de estudo, xa que radicará nun mellor ou peor produto. En contraste cos fisiócratas ou mercantilistas, non se está a falar de riqueza como sinónimo de metais ou materias primas valiosas, senón que se trata de que unha nación prospere mediante a organización adecuada dos medios de produción, especialmente do traballo e capital, sendo estes **escasos**. Deste xeito, é a escaseza a que produce a aparición dun problema económico.

A maneira na que estes problemas económicos son resoltos radica na organización eficiente dos recursos dispoñibles, mais para que isto ocorra é preciso que exista un movemento no axente fundamental da economía: o individuo. O *homo economicus* é un individuo egoísta que, ao perseguir os seus obxectivos con este sentimento, fai que outros individuos se beneficien deste comportamento. Por exemplo, se alguén acode ao estadio para ver un partido de fútbol, esta experiencia resulta satisfactoria porque outros individuos fan o mesmo na procura do seu beneficio propio. Así xorde o concepto de «**man invisible**» que regula calquera transacción económica. A xeneralización deste concepto para un mercado é a teoría na que se basean as políticas liberais económicas.

A corrente **marxinalista** xorde a finais do século XIX froito do desenvolvemento de varias teorías por autores como **Jevons, Menguer, Walras, Edgeworth**, etc., con procedencia desde Austria, Reino Unido e Suíza. Estes tres autores son considerados como os fundadores do marxinalismo e, como dixemos, a súa procedencia é moi diferente sendo moi difícil chegar a situar un punto exacto de partida, podéndose dicir que a corrente desenvolveuse simultaneamente entre os actores mencionados en distintos países e mesmo en contextos diferentes. Pese a isto, presentan tres características comúns.

En común coa escola austríaca, avógase polo uso das matemáticas no seu estudo, xa que se trata dunha ferramenta que lexitima as súas investigacións como técnica de análise. Doutra banda, configúrase unha base da que parten as súas teorías e as súas indagacións, xa que para eles a utilidade dos recursos orixina a optimización na igualación na marxe das utilidades dos devanditos recursos en todos os seus usos, isto é un dos puntos que se asume durante o desenvolvemento da corrente e polos seus autores: o cálculo na marxe como principio de racionalidade.

Polo tanto, deuse paso ao auxe de conceptos como a utilidade marxinal. Non se pode dicir que esta teoría se orixine neste momento porque presenta varios antecedentes que a mencionan como Adam Smith, Jeremy Bentham, Lloyd e Long Field, os cales desenvolveran a distinción entre utilidade total e marxinal, ou Gossen quen chegou mesmo a utilizalo nas súas análises sobre o comportamento do consumidor (Ibiate, 1993).

O marxinalismo concibía **o mercado como centro de análise**. Xa non o era a produción, polo que o valor deixou de centrarse no traballo, atributo fundamental dos clásicos. No seu lugar, pasou a considerarse o valor como utilidade «vinculada a un prezo segundo a súa capacidade de satisfacer necesidades subxectivas e cuxo reflexo se daría no mercado segundo a oferta e a demanda» (Ibiate, 1993). Nesta corrente introdúcense varios cambios en comparación coa que describimos anteriormente.

O centro deste pensamento atópase polo tanto na teoría denominada «**equilibrio xeral estático**», é dicir, xa non se centran en como afecta a calidade dos recur-

sos na cantidade de produto, senón que a teoría centrase en estudar o equilibrio estático en mercados competitivos. Por outra banda, aparecen principios como de maximización e a denominación do concepto de substitución. O **principio de maximización** fundaméntase en que, ante unha variedade de posibles eleccións alcanzables, escóllese a elección que achegue o maior valor posible. Esta elección poderá ser definida como a utilidade, os beneficios ou o produto físico. Establécese este principio como aquel que existe dentro de todo comportamento económico, aínda que con algunhas restricións. É interesante apreciar a observación de Buchanan que recolle Ibisate (1993) no seu ensaio: o autor advirte que durante a decisión de elección «existen custos de procura e de obtención de información cuxa dispoñibilidade é limitada». Por último, mencionar que para os marxinalistas a teoría xeral de valor expresa que **os factores de produción remunéranse porque son bens escasos**, así como o seu valor, e como estes factores actúan como **determinantes para os prezos do mercado**.

Aínda que aparecían diferenzas con respecto aos clásicos, algúns economistas desta época tamén recolleron influencias desa antiga escola, sendo pesimistas nas súas formulacións. **Malthus** considera á poboación e o seu crecemento dentro das análises como unha variable exóxena. **Ricardo** (1817) contribuíu ó pensamento crítico por primeira vez centrado na distribución daquela riqueza tan debatida na escola clásica. Isto levoulle a formular a **lei de rendementos decrecentes**, polo cal o concepto de utilidade marxinal e optimización na marxe quedan escurecidos, xa que unha unidade adicional de traballo ou capital fai que a produción creza menos ata o punto en que pode chegar a decrecer. Este feito é compatible co que Malthus predicía: a poboación crece en progresión xeométrica por encima das subsistencias.

O **neoclasicismo**, pola súa banda, xorde de forma paralela ao mercantilismo e desenvólvese tentando integrar aspectos marxinalistas nas súas percepcións, algunhas provenientes da corrente clásica.

Autores destacados de correntes posteriores, como **Milton Friedman**, engadían ideas como que a teoría económica **debería partir de formulacións axeitadas**, posto que esta característica unha vez verificada faríaa máis verdadeira, e así mesmo esta hipótese exposta debería probar no momento dos resultados. Isto débese a que a teoría neoclásica non recoñece como falsa unha hipótese non contrastada, polo que **calquera teoría debe axustarse a supostos e conclusións válidas a priori**. En definitiva, só poderase dicir que a teoría é falsa cando se demostre empiricamente. Esta visión foi á súa vez criticada por Nigel, quen sinalaba que establecer esta concepción sobre teoría e realidade era propio do empiriocriticismo. Así mesmo, Nigel ditaba que a verdade non só provén dos feitos verificados, senón que tamén é necesario considerar os feitos falseados, posto que ambos os dous coordínanse mutuamente. En base a esta lóxica, precisa que certos feitos como fallas do mercado, irracionalidades, externalidades ou bens públicos quedarían validados a priori, pero precisamente contradicíanse cos supostos e resultados das teorías neoclásicas (racionalidade perfecta, mercados completos, información completa e perfecta, etc.).

Por último, hai que destacar a achega de **Marshall**, quen consideraba a economía como aquela ciencia que estuda o comportamento da xente e a súa capacidade de facer negocios, os motivos que lle estimulan e que aspectos lles inflúen. O autor

sinala que o estudo dos motivos é moi complexo, polo que os traduce en aspectos monetarios para facilitar o seu manexo sendo entón o diñeiro a representación de motivos estables dos actores. Este tipo de achegas permitirían reducir o campo de variables que se haberían de manexar nunha análise e facilitar, por tanto, o manexo da ciencia en canto á súa aplicación ó estudo.

3. O marxismo

Para o contido deste apartado seguiu-se o manual de Desai (1977) titulado *Leccións de teoría económica marxista*. Este autor indica que a teoría marxista é un bo instrumento para analizar o capitalismo. Vale a pena destacar neste primeiro avance que Marx empregaba a historia para basear as súas teorías, simulándoa como un laboratorio onde poder apoiar as súas praxes, e non como unha mera interpretación do pasado (Noejovich, 1996) como facían os historicistas da Escola Histórica Alemá naquel momento.

En primeiro lugar, imos tratar a «**Teoría de valor**», que nada ten que ver co prezo da oferta como establece a teoría neoclásica, nin coas teorías de valor dos neoclásicos. Partimos de que non separaba o valor do prezo e que consideraba o valor como unha relación social unicamente aplicable ao capitalismo, xa que este concepto era esencial para desenvolver as explicacións.

Marx configura esta teoría supoñendo que os traballadores dependen dos propietarios capitalistas, que son os que teñen os medios de produción; desta interacción dáse a **explotación**. Tamén asume que grazas á súa teoría do valor **sae á luz a explotación que se atopa mergullada entre os intercambios económicos**. O intercambio de produción é diferente posto que o traballador e o propietario pertencen a clases diferentes e o primeiro ademais achega valor (diñeiro) mediante o produto que elabora, creando unha desigualdade nunha situación de intercambio de mercado que aparentemente se afasta da desigualdade. Este modo de entender a teoría, como dixemos, diferénciase da teoría dos clásicos en tanto que estes consideraban o valor como algo monetario, en última estancia establecido por «a dificultade relativa de producir ese ben en cuestión» (Desai, 1977).

Outra das achegas do marxismo que podemos destacar, e que o mesmo autor recolle, son os «tres circuítos do capital». Marx (1867), na súa obra **O capital**, mostra tres formas de explicar e recoller os procesos de produción do capitalismo: 1) o circuítio capital-mercadoría, 2) o circuítio capital produtivo, e 3) o circuítio capital monetario.

Deste último destaca a finalidade centrada no propietario capitalista en conseguir un beneficio monetario. Isto provén de que o propietario anteriormente desembolsaría unha cantidade de diñeiro que necesita recuperar xunto cuns beneficios para libremente decidir se reinvestir na mesma ou noutra industria ou en adquirir bens de consumo. A explicación desenvólvese como un circuítio que se inicia coa adquisición de material produtivo, e termina coa venda de **outputs** e a súa conversión en diñeiro. Así mesmo, sinala que para que este diñeiro sexa convertido en capital reinvestirse, xerando unha **plusvalía**, proceso situado no medio do circuítio,

momento no que as mercadorías adquiridas converteranse en *outputs* con máis valor no mercado. Durante o proceso, tamén se executa un intercambio aparentemente igual de diñeiro e traballo entre o traballador e o propietario, posto que o propietario obtén da mercadoría unha compensación económica e o traballador obtén diñeiro polo seu traballo converténdose tamén a forza de traballo nunha mercadoría. Marx atribúe ao capitalismo a creación desta nova mercadoría do mercado de traballo, diferente á destinada a converterse en *input*, e a súa explotación debido a que o traballo adquirido como mercadoría volve reinvestirse en bens de consumo adquiridos polo diñeiro co que os traballadores foron pagados. Este circuíto iniciase con diñeiro e finaliza con diñeiro.

Por último, a continuación especificase a concepción de **plusvalía** de Marx. O autor asume que as plusvalías son algo propio do capital e establece que estas só serán propiedade do propietario capitalista, quen adquire os excedentes monetarios que achega o proceso de produción. O proceso que explica é sinxelo, en primeiro lugar, o capitalista adquire con diñeiro materia prima e fonte de traballo, unha vez que se fai con estes o seu investimento convértese en capital. A partir deste momento, e dun proceso produtivo, a mercadoría pasa a ter un valor engadido que, trala súa venda, volve converter en diñeiro; tamén sinala que este diñeiro dependerá de certos condicionantes, pero sempre irá parar en mans do capitalista. Para o capitalista o traballador fai o mesmo, vende a súa forza de traballo entendida como unha mercadoría a cambio de diñeiro. A plusvalía xorde non porque o traballador reciba menos do que vale, senón porque produce máis do que vale. Pode considerarse como a suma das partes da renda que non corresponden ao traballo.

As teorías marxistas están en contraste con outros pensamentos como o ricardiano, xa que iso ocultaría as categorías ou xerarquías sociais que atópanse en calquera transacción económica. Ao seren teorías múltiples e singulares cuxa comprensión non é fácil en primeira instancia, remítese ao lector cara o libro de Desai (1977), que explica de forma clara e concisa os principais temas da obra marxista. A súa lectura serviría de complemento a esta síntese.

4. Históricos e institucionalistas

O **historicismo** xorde no século XIX como unha corrente antecesora do neo-institucionalismo. Naquel momento a historia era o saber, e saber de historia implicaba a capacitación dun coñecemento suficiente para dominar gran parte das áreas. Concretando máis, este historicismo xurdido en Alemaña pódese situar en palabras de Noejovich como «parte dunha reacción xeneralizada fronte á denominada economía clásica e á filosofía utilitaria de Jeremy Bentham catalogada como romántica e/ou idealista» (Noejovich, 1996). O mesmo autor identifica a súa orixe xunto coa aparición das súas dúas vertentes principais: o idealismo de Hegel e o pragmatismo de Ranke. Á súa vez, a **Escola Histórica Alemá**, xunto cos seus autores máis representativos, difundía a visión da economía como unha **análise da historia onde a ciencia económica era unha filosofía da mesma**. De aí xorde o nome que se dá hoxe en día á corrente, pois existiron debates de como situar a estes autores, como economistas ou como historiadores.

En *Filosofía da historia* de Hegel, publicada postumamente, engádesse a primeira contribución que enmarcará o desenvolvemento da súa corrente, postulando a **historia como algo xeral**, conceptual. Un factor que aporta o coñecemento e tenta unilo coa razón achegada pola filosofía, que é quen domina o mundo. «Todo o racional é real e todo o real é racional» é unha das aportacións máis coñecidas de Hegel, que representa esta unión que acabamos de mencionar. Á súa vez, Noejovich fai unha aclaración máis simple do seu significado: «a historia universal é a expresión do ocorrido segundo a razón» (Noejovich, 1996).

O mesmo autor describe que como enfoque oposto temos a ciencia histórica de Ranke, cuxa finalidade é «comprender a historia sen facer xuízos de valor dogmáticos». O seu papel coa metodoloxía da historia foi fundamental para convertelo en pai da ciencia histórica. Como tal, **incorporou datos nos seus traballos**, así como o **uso de fontes bibliográficas como base dos traballos** e, nunha liña similar á de Hegel, «desenvolveu a idea da unidade xermánica, unindo os diversos traballos para xustificar esa unidade». As súas orientacións viraban entornando ao Estado e ao exercicio de poder, e durante as súas obras mestura leccións económicas, positivistas, relixiosas, etc. Os historicistas alemáns promoveron unha «política social» para mellorar a condición da clase traballadora, contemplando unha especie de «capitalismo popular» onde os traballadores obtivesen un interese propietario na industria (Ekelund & Hébert, 2005).

O **institucionalismo** xorde a principios do século XIX e desenvólvese ao longo o século XX chegando mesmo ata a actualidade, aínda que agora representen aspectos diferentes, posto que o keynesianismo distanciou devanditos pensamentos. Aínda que isto sexa así, o entendido por institución pola corrente séguese podendo configurar como:

Conxunto de valores, normas e costumes que definen e regulan en forma duradeira - e independentemente da identidade das persoas individuais -, as relacións sociais e os comportamentos recíprocos dun grupo de suxeitos cuxa actividade se dirixe a conseguir un fin socialmente relevante (Gallino, 1995, p. 543).

Segundo a Masera et al. (2017), podemos afirmar que o institucionalismo orixínase en América do Norte, e que a primeira manifestación pública da corrente foi en 1917 nun encontro no cal Walton H. Hamilton a achegou. A decadencia da súa influencia institucional dáse a partir do inicio da Segunda Guerra Mundial e desde entón pódese considerar como un ámbito didáctico. O institucionalismo achega o obxectivo de basear o seu pensamento en **investigacións históricas e estatísticas**, vindo isto da súa vinculación co historicismo. Os mesmos autores expoñen certos puntos en común entre ambas as correntes como a súa negativa á universalidade temporal e xeográfica das leis e reactividade á concepción antropolóxica utilitarista, e en que ambas se postulaban contra a teoría clásica e a postura *laissez faire* xa mencionada.

Nese momento, Estados Unidos atopábase nun contexto de innovación no que se incorporaban cambios na sociedade como a electricidade, motores de combustión, siderurxia, química, negocios, etc. Ademais, cómpre sinalar que se trata dunha época de forte influencia bíblica, polo que unha das asuncións que podemos atopar visualizan estas dúas aproximacións. Como recollen Masera et al. (2017), moitos eco-

nomistas defendían que «o Estado é o instrumento elixido por Deus para reformar e cristianizar a orde social». Nesta mesma liña, designan como «idealismo práctico» a procura de mellores condicións de vida e de organización obreira co fin de lograr unha mellora económica do conxunto social. Á súa vez, e como aspecto diferenciador, entendían a competencia como un **proceso construído socialmente e regulado por normas institucionais non estáticas**. Así, as institucións están condicionadas historicamente e son parte da estrutura que normativiza os comportamentos sociais.

Dentro deste ámbito xorden varias liñas de investigación, pero a que consideramos aquí relevante é a desenvolta por Commons e Hamilton, que viraban cara estudos sobre **dereitos de propiedade, as transaccións, distribución da renda**, etc. Así mesmo, xunto con outros autores, alertaron da relevancia social e económica que estaba a ter lugar desde a achega do cambio tecnolóxico e a industrialización. Doutro lado, establecían unha teoría do cambio de enfoque activista cara ás institucións sociais e unha teoría de control social que manifesta a influencia das regulacións económicas e legais que se dan lugar nos procesos económicos.

En resumo, trátase dun enfoque que persegue estudar e afondar, mediante unha serie de formulacións asumidas, nunha nova serie de acontecementos que emerxen na realidade dun contexto de cambio e innovación, onde as institucións xogan un rol determinante.

5. Escola austríaca

A Escola Austríaca de Economía comeza coa publicación en 1817 dos *Principios de Economía Política* de **Carl Menger** (Jaramillo, 2010). As cinco características distintivas da economía austríaca son: 1) subxectivismo radical, 2) individualismo metodolóxico, 3) a acción humana ten un obxecto, 4) xeneticismo causal, e 5) esencialismo metodolóxico (Ekelund & Hébert, 2005).

O punto de partida da economía mengeriana non é unha perspectiva racionalista senón o **carácter natural das necesidades**. Pódese, pois, falar de leis exactas da natureza porque os resultados das opcións subxectivas, coas que os individuos tratan de satisfacer as súas necesidades (naturais), encontrándose cos resultados doutras infinitas opcións individuais, non dexeneran en caos, senón que compóñense baixo unha orde que é natural ao home (Cubeddu, 1997, p. 43).

En efecto, a reflexión mengeriana sobre a economía toma como unidade de análise ao individuo que require satisfacer as súas necesidades e, por tanto, alcanzar un certo nivel de benestar. Para facelo, o individuo debe ter consciencia do seu estado de malestar, é dicir, das súas propias necesidades e, ao mesmo tempo, identificar os medios para alcanzar o benestar desexado. Isto implica que a economía austríaca ten como puntos de partida o **coñecemento**, a **deliberación** (planificación) e a **acción**.

A acción humana é unha conduta consciente, mobilizada vontade transformada en actuación, que pretende alcanzar precisos fins e obxectivos; é unha reacción consciente do ego ante os estímulos e as circunstancias do ambiente; é unha reflexiva acomodación a aquela disposición do universo que está influíndo na vida do suxeito (von Mises, 2004, p. 15).

Noutras palabras, a teoría mengeriana toma ao ser humano coas súas necesidades, coñecementos e xuízos (valoracións), como o centro da actividade económica. «Tal vez a expresión máis significativa da importancia da escola austríaca na historia das ideas sexa o enunciado segundo o cal o home encontrase no centro dos sucesos económicos como actor» (Lachmann, 1997).

Schumpeter desempeña un papel fundamental nunha parte da chamada escola austríaca de economía, ao analizar o cambio de paradigma do modelo de equilibrio xeral: «(...) a ciencia económica e a súa substitución por unha análise moito máis dinámica e humanista dos procesos económicos» (Rothbard, 2009, p. 9). Sen embargo, a obra de Schumpeter tamén ten un lugar destacado porque estudia e ofrece elementos de análise para comprender o comportamento do ciclo económico e as crisis. Así mesmo, rompe coa estática clásica e **incorpora a análise institucional, o Estado, as empresas e o empresario emprendedor**. A «destrución creativa» é un concepto que ao longo da obra de Schumpeter mostra a súa importancia para o desenvolvemento económico e a vixencia da ciencia económica no marco dunha transición de ciclos económicos no tempo e o espazo. Na súa obra afirmase que a innovación tecnolóxica despraza as vellas tecnoloxías e propicia a «destrución creativa». Neste marco da análise, as innovacións para o financiamento do desenvolvemento económico durante os últimos dous decenios transformaron significativamente a orientación dos fluxos de capital a escala internacional, non só na súa orixe senón tamén nos seus destinatarios e na canalización cara aos diferentes sectores dos países receptores (Girón, 2000).

6. O keynesianismo

Como vimos, todo enfoque económico tivo que pasar un proceso de elaboración dun sistema teórico e de loita contra outros sistemas económicos co fin de antepoñerse ás teorías precedentes. Sarmiento (1983) recolle as loitas dos enfoques do pensamento económico: «a réplica de Marx aos Clásicos, a dos neoclásicos contra a Economía Política Marxista, o ataque de Keynes aos neoclásicos (clásicos segundo a súa linguaxe) e na gran polémica do momento, os ataques do Neoliberalismo ao sistema teórico Keynesiano».

O **keynesianismo** é unha corrente que se enmarca dentro dos enfoques máis **determinantes do pensamento económico**. Ademais, é importante considerar que a publicación e desenvolvemento dos seus enfoques ocorreron durante unha época mala para a economía: os efectos da Gran Depresión estaban en auxe, ao igual que os totalitarismos, dando lugar á Segunda Guerra Mundial. Keynes (1936) publica na súa obra *Teoría xeral da ocupación, interese e diñeiro*, postulacións que abordan as crises dos sistemas capitalistas e certos aspectos para facerlle fronte. Expón un enfoque considerado para moitos autores circulacionista (Sarmiento, 1983) a través da chamada «**teoría dos ciclos**», que pretende explicar cales son as causas de diminución das actividades económicas ou das recesións. Para Keynes, os ciclos axudan a entender e manexar estas situacións separándoas en secuencias completas e temporais nun mesmo sentido económico, seguindo unha traxectoria con flutuacións irre-

gulares e persistentes. Ademais, sinala que o problema principal é unha inesperada ineficiencia marxinal do capital.

Na obra de Sarmiento (1983) vese explicado isto con achegas propias de Teoría Xeral:

Ao explicar a crise queremos facer fincapé na tendencia da taxa de interese a subir baixo a influencia da maior demanda de diñeiro, tanto para comerciar como con fins especulativos. Mais a explicación máis típica, e con frecuencia a predominante da crise, non é principalmente unha alza na taxa de interese senón un colapso repentino da eficiencia marxinal do capital (Keynes, 1936).

Máis xeralmente, podemos sinalar que o principal postulado de Keynes é sobre a demanda efectiva. Para el, o paro non existe debido á escaseza de recursos, senón pola escaseza de demanda, o que provoca que non se consuma o suficiente como para ter que producir unha cantidade de bens que aporte traballo para todos. A existencia e estímulo da demanda é polo tanto chave para os traballadores. Entender o principio de demanda efectiva é importante para facer efectivo o pleno emprego e o funcionamento activo e estable da economía. Así, existirá emprego involuntario cando:

Unha parte do produto nacional de pleno emprego sexa consumida polos traballadores e unha parte polos capitalistas; pero quedará aínda unha parte que non é consumida, que corresponde aos aforros sobre as utilidades. Agora, o pleno emprego manterase sempre que o investimento sexa o suficientemente alto para absorber este superávit. Con todo, se o investimento é menor que os aforros dos capitalistas, parte do produto quedará sen vender e así se producirá unha acumulación de existencias de mercadorías. En semellante situación, é obvio que se reducirá a produción das empresas ata un nivel de ingreso nacional tal que para este aforro sexa igual ao investimento efectivo (financiado) (Kalechi, 1983).

Este primeiro obxectivo de pleno emprego está interrelacionado co investimento privado a través da cal o Estado actúa no seu incentivo mediante gasto público, medidas fiscais, etc.

Todos estes enfoques comparten unha concepción do Estado como encargado de **intervir e redistribuír a esfera económica**, mediante uns medios e ferramentas dos que pode servirse: a política monetaria e fiscal (Sarmiento, 1983). A primeira execútaa en contra do clásico *laissez faire* en base a que esta regulación de taxa de interese e investimento non é automática, e en favor a que é o Estado, mediante diferentes instrumentos, quen consegue ese nivel óptimo na esfera económica. A teoría fiscal xustifícase como unha ferramenta que «busca a mobilización dos recursos dos estratos de altos niveis de ingreso aos baixo niveis de ingreso mediante os instrumentos da política tributaria a partir da provisión dunha magnitude significativa de recursos propiedade do estado» (Sarmiento, 1983).

En conclusión, o keynesianismo baséase en **estimular a demanda** para provocar un aumento do consumo e do emprego en momentos de crise. A cuestión é como estimular a demanda, o cal faise mediante políticas monetarias e fiscais, sendo Keynes partidario destas últimas.

Finalmente, cómpre dicir que foron moitas as críticas a Keynes respecto á súa metodoloxía. A súa partida principal eran os xuízos en contra da corrente neoclásica, pero ben é certo que dentro desta crítica asumía que as ideas desta corrente eran atribuídas como **válidas a longo prazo**, contradicindo a súa propia teoría. Díez explica da seguinte forma:

